

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE O CARBALLIÑO PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DO PULPO 2019

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, **vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Por outra, D. Román Rodríguez González, en calidade de **presidente da Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

Por outra, D. Francisco José Fumega Piñeiro, **alcalde do concello do Carballiño** no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, lei 7/1985, do 2 de abril e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas



EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Festa do Pulpo.

A Festa do Pulpo do Carballiño é unha antiga romaría que cumpre cincuenta e seis anos de historia e que debe o seu éxito á exaltación dunha das manifestacións gastronómicas máis típicas de Galicia, a degustación do pulpo á feira, que chegou a converter este produto orixinal das rías galegas no prato máis característico e popular desta localidade do interior convertendo a esta romaría popular nunha auténtica tradición. A orixe de que o pulpo tivese no Carballiño o seu feudo sendo un produto de mar era o pago en especie que se facía na Idade Media ás ordes monásticas de Oseira pola explotación das súas posesións portuarias nas Rías Baixas.

Pola súa singularidade e especiais características esta festa foi declarada de **Interese Turístico Nacional** no ano 2012.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Terceiro.- Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.



O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

A este respecto, o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 na Liña estratéxica 2, obxectivo estratéxico 2.1. Singularización de novos valores diferenciadores, Acción 2.1.3. Enfoque turístico do patrimonio inmaterial, inclúe o impulso da creación de produto en torno ás Festas de Interese Turístico.

Cuarto.- Que a Axencia Turismo de Galicia está interesada en apoiar ao Concello no desenvolvemento da festa indicada no expoñendo primeiro por ser unha iniciativa de relevancia para a divulgación da oferta turística galega vinculada ás festas de interese turístico, como medida de promoción e fomento do turismo para o impulso da mellora económica do sector. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o concello arriba indicado a única entidade organizadora deste evento.

Quinto.- Que no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, no que se recollen medidas tales como campañas que teñan como público obxectivo á mocidade, ou actuacións de sensibilización, prevención e elaboración de campañas e materiais contra a violencia sexual, implicando ás entidades locais na elaboración de materiais, campañas e protocolos de actuación, que incidan na necesidade de establecer puntos seguros e de información sobre violencia sexual en espazos públicos, (medidas 26, 30 e 256 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero), a Consellería de Cultura e Turismo e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza acordaron colaborar no establecemento dunha liña de axudas específica, a incluír nas convocatorias de subvencións, incluídos os convenios de colaboración que instrumentan a concesión de subvencións, destinada a desenvolver as actividades relativas á posta en marcha, durante a celebración das festas declaradas de interese turístico, a campaña de información e



sensibilización fronte á violencia sexual en espazos públicos: “AGRESIÓN OFF, Eu digo non á violencia sexual”, utilizando para elo a marca creada a estes efectos.

Por esta razón, inclúese no presente convenio unha liña de subvencións co obxecto de poñer en marcha durante a festa a citada campaña de información e sensibilización fronte á violencia sexual en espazos públicos.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen celebrar este convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da Festa do Pulpo 2019, e para a posta en marcha, durante a dita celebración, da campaña de información e sensibilización fronte á violencia sexual en espazos públicos: “AGRESIÓN OFF, Eu digo non á violencia sexual”, utilizando para elo a marca creada a estes efectos.

O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector. Así mesmo, aproveitárase a citada celebración para desenvolver actuacións de sensibilización, prevención e elaboración de campañas e materiais contra a violencia sexual, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Segunda.- Orzamento e financiamento

1. O orzamento estimado para as actuacións vinculadas ao apoio, promoción e difusión da festa declarada de interese turístico nacional ascende a 25.000 € que se distribúe do seguinte xeito:



CONCEPTO	IMPORTE €
Actuacións musicais na Semana de actividades da Festa do Pulpo 2019	20.000 €
Escenario, equipo de iluminación e son	5.000 €
TOTAL	25.000 €

Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.760.1, proxecto 2017 00005 “Axudas a festas de interese turístico” cunha achega de 25.000€ dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta do Concello a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio. (A achega da Axencia fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do orzamento estimado, aos efectos do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro).

2. O orzamento estimado para as actuacións relativas á posta en marcha, durante a celebración da festa, da campaña de información e sensibilización fronte á violencia sexual en espazos públicos: “AGRESIÓN OFF, Eu digo non á violencia sexual”, ascende a 5.000€, co seguinte desagregamento:

CONCEPTO	IMPORTE €
Pañoletas para o Concurso de Camisetas da Festa do Pulpo e para repartir no recinto oficial do Concello do Carballiño	3.000€
Pulseiras para o Concurso de Camisetas da Festa do Pulpo	2.000€
TOTAL	5.000€



Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.460.0, proxecto 2019 00001, cunha achega de 5.000€, que se transferirán para este proxecto pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia á Axencia Turismo de Galicia. Estes fondos proveñen do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade).

Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta do Concello a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio. (A achega da Axencia fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do orzamento estimado, aos efectos do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro).

3. Estas achegas canalízanse a través de subvencións concedidas polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento das subvencións a favor do Concello, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coas previsións de orzamentos recollidos na cláusula segunda e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2019**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais



para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. O **Concello**, como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración, así como a marca do Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).
- Así mesmo, no que respecta ás actuacións da campaña contra a violencia de xénero, é preciso que se deixe constancia, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, debendo incluírse o logotipo do Ministerio, ademais do logo da Xunta.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.



- Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Acreditar o cumprimento por parte do concello do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de conformidade co disposto no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento de subvención e polos importes establecidos na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.



Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Xustificación da subvención e pagamento

I. A xustificación das subvencións efectuarase segundo a modalidade de **conta xustificativa** de acordo co disposto nos artigos 8, 9 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade das subvencións.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.



d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo caso na conta xustificativa que se presente, deberá distinguirse con claridade os gastos que se imputan ao apoio, promoción e difusión da festa de interese turístico, dos gastos que se imputan á campaña contra a violencia de xénero.

A conta xustificativa incorporará, en todo caso, a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade** e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia” e do Xacobeo 2021, así como da colaboración do Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, e a marca da campaña.

A este respecto, para o caso no que o detalle da documentación non sexa suficiente para acreditar a realización das accións subvencionadas, en especial da Campaña AgresiónOff, deberán achegarse fotografías da acción desenvolvida.

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, o Concello deberá presentar unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez



comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **30 de outubro de 2019**.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto nos orzamentos estimados para cada unha das actividades subvencionadas, obxecto do presente convenio, contidos na cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación. Así, e de conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, só deberá ser reintegradas (ou, no seu caso, minoradas a achegas da Axencia) unicamente polo importe que supere o custo total das actividades.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas nos orzamentos estimados na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ambas actuacións subvencionadas serán independentes, de forma que a falta de xustificación dunha non afecta ao cumprimento da outra.

Oitava.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar **pagamentos anticipados**, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes



á subvención, por importe do 100%, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, no que se indicará se se solicita para ambas liñas de subvencións ou para unha soa, o Concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello está exonerado de constituír garantía relativa aos anticipos previstos nesta cláusula.

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Aos efectos establecidos nesta cláusula, ambas as dúas actuacións subvencionables son independentes a unha da outra.

Décima.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, creárase unha comisión paritaria que estará integrada por seis persoas, dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.



A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Undécima.- Modificacións do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.



- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.



Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo quinta.- Consentimento para a publicidade de datos persoais

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo sexta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2019**.



En proba da súa conformidade, asínano e rubricado por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no encabezamento.

Pola Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

O vicepresidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Pola Axencia Turismo de Galicia

O presidente

Román Rodríguez González

Polo concello

O alcalde

Francisco José Fumega Piñeiro

